

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **día 17 de NOVIEMBRE/2017 ás 20 HORAS**, en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

- 1º.-** Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria anterior, celebrada en data 20 de outubro de 2017.
- 2º.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, relativa a celebración do 40 aniversario da Constitución Española.
- 3º.-** Moción do grupo municipal do BNG para impulsar unha ordenanza municipal de protección animal e convivencia.
- 4º.-** Moción do grupo municipal do BNG para adopción de medidas de erradicación da cortadería selloana.
- 5º.-** Declaración institucional con motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller.
- 6º.-** Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE relativa ao abandono do medio rural galego.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

7º.- Dar conta ao Pleno de decretos da Alcaldía (Emitidos dende o 17/10/17 ao 09/11/17).

8º.- Dar conta de informes económicos.

9º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

En Valdoviño a 14 de novembro de 2017
O alcalde,

Alberto González Fernández

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE